1. Coordinación de Equipo Erasmus+

1.1 Obxectivos

a) Implementar o Proxecto Erasmus+ 2023-1-ES01-KA121-VET-000121189 (enmarcado na nosa Acreditación Erasmus+ 2021-2027) nas súas tres fases:
   - Fase inicial (coordinación cos centros socios, información, publicidade, convocatoria das mobilidades e selección dos participantes)
   - Fase de desenvolvemento (formación previa dos participantes, coordinación cos centros socios, experto convidado e realización das mobilidades: virtuais e presenciais)
   - Fase final (recoñecemento das mobilidades, avaliación, redacción de memorias, diseminación e informe final).

b) Elaborar e presentar a solicitude para o Proxecto Erasmus+ do seguinte ano lectivo 2024-2025.

c) Participar nas actividades de diseminación Erasmus+ organizadas polo SEPIE ou outros organismos similares.

d) Intercambiar experiencias e exemplos de boas prácticas con outros coordinadores Erasmus+ doutros centros homólogos ao noso, dentro e fóra da nosa Comunidade Autónoma.

e) Realizar formación sobre cuestións relacionadas co programa Erasmus+ e as súas accións.

f) Fomentar a internacionalización do CMUS Profesional de Vigo.

g) Promover actividades de diseminación do noso Proxecto Erasmus+ 2023-1-ES01-KA121-VET-000121189 así como do programa Erasmus+ e as súas prioridades Erasmus+.

h) Compartir toda a información e actividades Erasmus+ do noso centro no noso Blog Eramus+: https://erasmus.cmusvigo.gal/index.php/es/

1.1.1 Obxectivos acadados

Acadáronse todos os obxectivos.

1.1.2 Obxectivos non acadados

Ningún.

1.2 Aspectos positivos a destacar

En primeiro lugar, destacar e agradecer a implicación e motivación por parte dos membros do Equipo Erasmus+ (Virginia Lis, Carmen Carreiras, Ángel Montes, Cecilia Martínez e Sara Peral). A súa participación é fundamental para sacar adiante os diferentes proxectos e actividades Erasmus+, pois, aínda que este ano aumentamos o equipo coa incorporación de Cecilia Martínez e que contamos con máis horario de dedicación, o desenvolvemento do proxecto Erasmus+ supón un traballo e carga horaria moi superior á asignación que temos sobre o papel debido á incorporación das novas mobilidades de alumnado, á xestión do proxecto no que colaboramos coa Uppsala Kulturskola como institución de acollida, á xestión dos diferentes destinos para o profesorado ou a organización da visita do experto convidado, entre outras tarefas.

Tamén salientar o apoio recibido por parte do equipo directivo, quen ten feita unha firme aposta pola internacionalización do CMUS. O seu apoio, que se reflicte na dotación de horario para adicar ao Equipo Erasmus+, dotación de medios e recursos físicos e apoio con persoal, resulta fundamental á hora de poder poñer en marcha as diferentes iniciativas enmarcadas no programa Erasmus+. Por exemplo, foron aceptadas as propostas de mellora suxeridas o pasado ano na memoria final da coordinación de aumentar o Equipo e o horario de dedicación, entre outras. Ademais, facilitou a formación específica sobre o Programa Erasmus+ dos membros do Equipo Erasmus+ facendo posible a asistencia da Coordinadora Erasmus+ ás “Jornadas de Movilidad Erasmus+ de Formación Profesional Proyectos de Movilidad Acreditados y de Corta Duración de Estudiantes y Personal de Formación Profesional (KA121-VET y KA122-VET)

Convocatoria Erasmus+ 2023” que tivo lugar no pasado mes de setembro en Gijón, na que tivo oportunidade de compartir experiencias con outros centros homólogos españois e ampliar a rede de contactos de coordinadores Erasmus+ de conservatorios.

Igualmente, destacar positivamente a colaboración co Equipo de Actividades. Eles axudaron coa publicación das diferentes actividades Erasmus+ nas redes sociais do CMUS (Instagram, Facebook, Twitter e YouTube), o que permitiu incrementar considerablemente o impacto. Tamén foi unha axuda fundamental para a realización do Concerto polo Día de Europa, retransmitido en *streaming* na canle de Youtube do conservatorio.

Así mesmo, subliñar a colaboración do profesor Cristian Silva co Equipo Erasmus+, ao que convidou este curso en diversas ocasións ao Podcast “Os Contos da Miñoca” que elabora: no segundo episodio entrevistou a parte do Equipo Erasmus+ (Carmen Carreiras, Virginia Lis e Sara Peral) e no capítulo doce ao alumunado participante na mobilidade Erasmus+ a Uppsala e ao xefe de estudos, acompañante durante a mesma, ademais de informar puntualmente na sección de novas das actividades desenvolvidas polo Equipo Erasmus+.

Mencionar tamén a colaboración do Departamento de Música Tradicional do CMUS Profesonal de Vigo na actividade de inauguración da praca da nosa Acreditación Erasmus+ durante os ErasmusDays 2023 no mes de outubro e durante a celebración da Segunda Edición de “Raíces Europeas”, celebrado o 9 de maio de 2024 (Día de Europa).

Outra actividade a destacar foron as clases maxistrais impartidas polo experto convidado Erasmus+ André B. Silva sobre improvisación, cunha enorme participación por parte de alumnado de grao profesional do noso centro, así como tamén de profesorado, e que foi moi positivamente valorada nas enquisas de satisfacción.

Salientar tamén a positiva valoración reflectida no informe de calidade tras a avaliación da Coordinación Erasmus+ na Auditoría interna celebrada o 29 de

xaneiro de 2024 por parte da Inspección educativa, na que houbo oportunidade de amosar todo a traballo que supón a xestión e implementación dos proxectos Erasmus+; así como as felicitacións transmitidas ao CMUS Profesional de Vigo por parte da Delegada Territorial da Xunta Ana Ortíz durante a súa visita ao noso centro o 17 de abril de 2024, pola nosa Acreditación Erasmus+ e os logros acadados no marco do Programa.

Igualmente, reflectir a alta valoración outorgada polos participantes nas diferentes mobilidades Erasmus+ dentro do proxecto deste curso, tendo sido especialmente destacada pola maioría deles a organización levada a cabo polo Equipo Erasmus+.

Doutra banda, salientar e agradecer o apoio recibido por parte de moito profesorado, alumnado e familias do centro que valoran moi positivamente que o CMUS forme parte do Programa Erasmus+ e as diferentes actividades desenvolvidas polo noso Equipo Erasmus+, feito non só recollido a través das diferentes enquisas de satisfacción realizadas tras cada actividade, senón tamén manifestado verbalmente en conversas no propio centro.

Por outro lado, cabería sinalar positivamente as experiencias adquiridas grazas ao proxecto, tanto a nivel de xestión, como no enriquecemento mutuo entre as institucións implicadas. Neste sentido, tamén é destacable a mellora da competencia lingüística que implica, tanto nas linguas dos destinos (italiano, portugués e sueco), como en inglés (idioma de comunicación). Todas estas aprendizaxes serán positivas para as futuras actividades a desenvolver. Neste sentido, grazas á traxectoria que o noso centro vai percorrendo no programa Erasmus+, o Equipo Erasmus+ está a ser contactado de forma habitual por diversos centros homólogos para facer diversas consultas e, mesmo, solicitar formación específica. Soamente este curso foron máis de oito conservatorios profesionais (todos os conservatorios profesionais dependentes da Xunta de Galicia, ademais doutros centros de fóra da comunidade autónoma).

Destacar tamén o interese crecente que están amosando diferentes centros polo noso conservatorio. Progresivamente, o CMUS vai ampliando a súa internacionalización, o que incrementa tamén a súa visibilidade a nivel internacional e fai crecer o interese no noso centro: contactaron de Suecia, Portugal ou Turquía, entre outros.

Nesta liña, sinalar o positivo impacto das actividades desenvolvidas polo Equipo Erasmus+ na prensa local e rexional, tendo aparecido en diversas ocasións ao longo do curso: 10 de febreiro de 2024 no Faro de Vigo informando sobre as mobilidades de profesorado a Portugal e Suíza, nas axendas dos días 13 de marzo de 2024 no Atlántico e 14 de marzo de 2024 no Faro de Vigo e no Atlántico, entrevista ao experto convidado Erasmus+ o 14 de marzo de 2024 no Atlántico, entrevista ao alumnado participante nas mobilidades Erasmus+ o 31 de marzo de 2024 no Atlántico, difusión da visita da Delegada da Xunta Ana Ortíz e o Xefe Territorial ao centro coa felicitación ao CMUS polos logros Erasmus+ o día 17 de abril de 2024 na web da Xunta, en VigoHoy e o 18 de abril de 2024 no Diario Luso Galego.

Por último, sinalar a participación do Equipo Erasmus+ nas Xornadas organizadas polo CAFI de Galicia "Internacionaliza a túa Escola. Erasmus+, eTwinning e outras propostas. CURSO 2023-2024" que tivo lugar na Cidade da Cultura de Santiago de Compostela o pasado 27 de xaneiro de 2024, coa participación da Coordinadora Erasmus+ como relatora dunha das ponencias programadas.

1.3 Propostas de mellora

Progresivamente, o Equipo Erasmus+ vai adquirindo experiencia e aumentando a súa capacidade na xestión das diferentes accións requiridas para a implementación dos diferentes proxectos Erasmus+. Ano a ano vai adoptando as diferentes propostas de mellora que se reflicten na memoria final, o que vai mellorando progresivamente os procesos de xestión. Non obstante, hai cuestións que se van detectando que poden ser mellorables. As propostas de mellora son as seguintes:

Propostas relacionadas coa documentación:

- Organizar a documentación de traballo do Equipo Erasmus+ no Dropbox seguindo a estrutura utilizada para a organización do esquema da auditoría interna.
- Estudar a posibilidade do uso da ferramenta europea EU Survey para a elaboración das enquisas de satisfacción e outras enquisas relacionadas coas actividades desenvolvidas.
- Valorar a posibilidade de utilizar a ferramenta de almacenamento na nube que ofrece a Consellería de Educación.
- Elaborar un Excel coas accións a desenvolver en cada tipo actividade que se leva a cabo no Equipo Erasmus+. Actualmente temos listaxes en documentos Word, pero resultarían máis eficientes nun formato Excel.
- Aproveitar a plantilla Excel para xerar os certificados Europass máis facilmente nos próximos anos.
- Valorar a posibilidade de crear pequenos vídeos tutoriais sobre as accións de implementación Erasmus+ (cumplimentación da solicitude, informes finais, Beneficiary Module, Mobility Europass, etc) para ter a disposición do Equipo Erasmus+.
- Incluír actividades dos proxectos Erasmus+ do CMUS estén recollidas de forma explícita na PXA.
- Engadir, na listaxe das tarefas de cada profesor participante no *job shadowing,* a redacción dun pequeno *post* para o blog.
- Actualizar a *Cover letter* enviada aos socios, con fotos actualizadas e ligazóns ao blog para que coñezan os nosos proxectos pasados.
- Nas reunións explicativas sobre o proxecto Erasmus+ e a súa convocatoria, incidir aínda máis nas características das mobilidades e o tipo de actividades para evitar que poida haber participantes que teñan unhas expectativas diferentes ao exposto.
- Procurar programar durante as mobilidades de alumnado máis tempo de reunións (formais e informais) co alumnado do centro de destino.

- Facer máis fincapé na preferencia de documentación dixital en lugar do uso de papel (rúbricas de mobilidade, uso de imaxe, acordos, convenios...) para unha maior axilidade nos trámites e para atender mellor o principio de sostenibilidade Erasmus+.

Propostas sobre materiais:

- Reorganización do mobiliario do despacho Erasmus+ para deixar máis espazo de corredor.
- Ver se é posible dispoñer dunha toma de teléfono no despacho Erasmus+
- Realizar un novo pedido de *merchandising* Erasmus+, buscando obxectos que sexan sostibles.

Propostas relacionadas coas actividades promovidas polo Equipo Erasmus+:

- Pechar o Concerto do Día de Europa coa diapositiva do logo Erasmus+ do CMUS e a súa sintonía durante a entrega dos pequenos agasallos Erasmus+ aos participantes.
- Abrir o Concerto do Día de Europa cun breve discurso instroductorio sobre o Día de Europa e o noso proxecto Erasmus+.
- Revisión da actividade “Raíces Europeas” polo gasto de orzamento que supón. Valorar cambiar a actividade por outra que tamén fomente a prioridade de sostibilidade pero con menor custo.

En relación ás prioridades Erasmus+, o Equipo Erasmus+ presenta as seguintes propostas de mellora para o centro:

- Promover a reciclaxe mediante a adquisición de papeleiras de recollida selectiva de residuos, na busca da sostenibilidade.
- Reducir o gasto de papel mediante o uso doutras alternativas para os programas de mán das audicións: códigos QR para escanear co móbil ou proxección do programa na pantalla do auditorio. Trátase dunha proposta exposta por algúns dos participantes das mobilidades Erasmus+, como

exemplos de boas prácticas observados no centro de destino e que son aplicables ao noso.

- Facer o CMUS máis accesible ás familias con bebés, mediante a incoroporación dun cambiador nalgún dos baños dispoñibles no centro. Podería ubicarse nos aseos para persoas con discapacidade situados no andar baixo. É un xesto sinxelo que fai ao centro máis inclusivo e que promove a conciliación.

Suxestións sobre o proceso de selección dos participantes (recollidas tanto da Comisión de valoración deste ano como do propio Equipo Erasmus+):

- Valorar a posibilidade de incorporar, no apartado dos méritos a ter en conta de cara ás mobilidades, a asistencia á charla informativa durante os *ErasmusDays*.
- Outorgar máis puntuación a novos participantes.
- Limitar a puntuación dos diferentes apartados a valorar das solicitudes do alumnado.
- Estudar a posibilidade de engadir unha entrevista ao proceso de selección do alumnado participante unha vez feita a primeira fase de avaliación.
- Poñer á cola ao profesorado que xa participou en mobilidades o ano anterior.
- Valorar, nos méritos do profesorado, as grabacións musicais e/ou os concertos.

En relación a este último apartado, unicamente poderán ser tidas en conta aquelas propostas que non supoñan un cambio na valoración dos méritos, xa que, por coherencia e transparencia, o cadro de aspectos a puntuar no proceso de selección dos participantes non debe ser modificado ao longo do transcurso da Acreditación Erasmus+. Non obstante, tomamos nota e serán tidas en conta de cara á seguinte etapa.

1.4 Actividades realizadas

Primeiro trimestre:

- Planificación xeral das actividades a desenvolver polo Equipo Eramsus+ ao longo do curso e temporalización inicial das mesmas.
- Sinatura do convenio de subvención do novo proxecto 2023-1-ES01-KA121-VET-000121189 co SEPIE.
- Redacción e envío do Informe Final do proxecto do pasado curso escolar, finalizado con data 31 de agosto de 2023).
- Xestión da tramitación do recoñecemento por parte da Xunta como horas de formación de profesorado da participación nas mobilidades de job shadowing de profesorado no proxecto do curso anterior.
- Remate da busca de socios para o proxecto do presente curso.
- Asistencia á formación específica sobre o Programa Erasmus "Jornadas de Movilidad Erasmus+ de Formación Profesional, Proyectos de Movilidad Acreditados y de Corta Duración de Estudiantes y Personal de Formación Profesional (KA121-VET y KA122-VET), Convocatoria Erasmus+ 2023" que tivo lugar os días 18 e 19 de setembro en Gijón, á que acudiu a coordinadora Erasmus+ Sara Peral.
- Inscrición e rexitro das nosas actividades enmarcadas nos ErasmusDays 2023.
- Elaboración do vídeo promocional do noso Proxecto Erasmus+ coas novidades das mobilidades do presente curso e contando as experiencias vividas polos participantes das mobilidades do pasado curso.
- Organización e realización das actividades enmarcadas nos "ErasmusDays 2023" que tiveron lugar os días 9, 10 e 11 de outubro de 2023. Concretamente, elaborouse o vídeo promocional das actividades Erasmus+ do CMUS, que foi estreado na canle de Youtube do centro, inaugurose a placa da Acreditación Erasmus+ no hall do CMUS coa colaboración dunha alumna do departamento de Música Tradicional e fixéronse dúas charlas informativas sobre os resultados do proxecto anterior

e as novidades para o presente curso, que contou coa participación dalgúns participantes nas mobilidades do ano anterior, ademais da decoración do hall do centro con material promocional Erasmus+. Estas actividades foron moi ben valoradas polos asistentes.

- Difusión por diferentes medios das actividades desenvolvidas polo Equipo Erasmus+.
- Intervención dun dos membros do Equipo Erasmus+ no claustro ordinario do día 8 de novembro de 2023 para escoller os dous profesores/as elixidos polo claustro que formarán parte da Comisión de Valoración encargada de seleccionar os aspirantes que participarán nas mobilidades.
- Revisión e actualización do documento de convocatoria das mobilidades de profesorado e elaboración e redacción da convocatoria das novas mobilidades de alumnado.
- Publicación da convocatoria das mobilidades Erasmus+ do actual proxecto Erasmus+ 2023-1-ES01-KA121-VET-000121189 .
- Participación no episodio dous do Podcast "Os Contos da Miñoca" elaborado polo profesor Cristian Silva, no que entrevistou a tres membros do Equipo Erasmus+: Carmen Carreiras, Virginia Lis e Sara Peral.
- Resolución das dúbidas recibidas sobre os requisitos para a solicitude das mobilidades e publicación de post de axuda no Blog sobre as ferramentas Europass.
- Recollida das solicitudes para as mobilidades.
- Preparación do material para a Comisión de Selección.
- Publicación dos diferentes documentos dos distintos pasos en relación ás solicitudes e o proceso de selección: listados provisionais de aspirantes, listados definitivos de aspirantes, listados provisionais e definitivos de aspirantes seleccionados e en reserva.
- Reunións telemáticas de coordinación cos diferentes socios do proxecto: Angus Key (Uppsala), Riccardo Mascia (Parma), Hernando Flórez (Lugano) e Fernando Pontes e José Gomes (Loulé).

- Reunións periódicas de coordinación do Equipo Erasmus+.
- Publicación no noso Blog de todas as actividades e toda a información de interese sobre Erasmus+ no noso centro.
- Comezo de organización das actividades de preparación previa para os participantes nas mobilidades.
- Atención aos contactos recibidos por parte doutros conservatorios con diferentes consultas sobre cuestións Erasmus+.

Segundo trimestre:

- Publicación da lista definitiva de participantes seleccionados e reserva para as mobilidades o 29 de novembro de 2023.
- Visitas preparatorias das mobilidades cara a Lugano, Loulé e Parma.
- Organización das actividades de formación previa do profesorado participante, levadas a cabo nos días 20 de decembro de 2023 (sobre competencia lingüística en italiano e portugués), o 10 de xaneiro de 2024 (formación cultural e consellos prácticos), o 17 de xaneiro (sobre competencia en lingua inglesa) e o 24 de xaneiro de 2024 (sobre autoprotección e actuación en caso de emerxencia).
- Formación previa para o alumnado celebrada o 18 de xaneiro de 2024.
- Elaboración da nota de prensa sobre as mobilidades realizadas.
- Participación da coordinadora Erasmus+ como relatora nas Xornadas do CAFI "Internacionaliza a túa escola" celebrada o 27 de xaneiro de 2024 no edificio Fontán da Cidade da Cultura, en Santiago de Compostela.
- Participación na auditoría interna celebrada o luns 29 de xaneiro de 2024 no CMUS por parte da inspección educativa, tendo sido auditada a Coordinación Erasmus+.
- Elaboración e presentación da solicitude de novas actividades de mobilidade para o próximo curso, na convocatoria KA121 de febreiro de 2024.
- Certificación das diferentes actividades de formación previa levadas a

cabo polos participantes ás mesmas.

- Reunións periódicas cos centros socios para a planificación das mobilidades.
- Reunións telemáticas das mobilidades virtuais cos centros socios de Loulé e Lugano máis os participantes para a planificación das actividades a desenvolver durante as mobilidades.
- Elaboración de toda a documentación requirida con anterioridade ás mobilidades, tanto de profesorado como de alumnado (documentos individuais e específicos para cada un dos participantes): convenio de subvención (CMUS e os participantes) e acordo de aprendizaxe (CMUS, centros socios e participantes).
- Actualización de documentos: memoria mobilidade, tabla de job shadowing, rúbricas de avaliación das mobilidades, modelos de certificados de estancia.
- Reunións telemáticas co experto convidado para a organización das clases maxistrais.
- Reunión co profesorado das materias optativas de Improvisación e de Jazz para a organización das clases maxistrais co experto convidado Erasmus+.
- Reunións periódicas de coordinación do Equipo Erasmus+.
- Elaboración de toda a documentación requirida para a visita do experto convidado e pago da axuda correspondente.
- Realización das transferencias relativas ao primeiro pago das axudas aos participantes nas mobilidades (70% do total).
- Reunións de planificación das cuestións loxísticas da mobilidade do alumnado participante.
- Contratación do seguro de viaxe do alumnado participante e o experto convidado Erasmus+.
- Apoio e resolución de dúbidas ao profesorado participante na organización das cuestións loxísticas relacionadas coa súa mobilidade.

- Realización, seguimento e titorización das mobilidades de profesorado: Loulé do 5 ao 9 de febreiro de 2024 e Lugano do 6 ao 10 de febreiro de 2024.
- Tramitación do certificado Mobility Europass das participantes nas mobilidades rematas.
- Reunión informativa sobre a EU Survey coas participantes nas mobilidades rematadas.
- Diseminación no Blog e nas redes sociais das diferentes actividades desenvolvidas.
- Atención aos contactos recibidos por parte doutros conservatorios con diferentes consultas sobre cuestións Erasmus+.

Terceiro trimestre:

- Acollida ao profesorado visitante de Uppsala durante os días 6, 7 e 8 de marzo de 2024, na visita preparatoria do proxecto no que o CMUS colabora como socios de acollida.
- Visita do Equipo Erasmus+ ás aulas de materias teóricas de Grao Profesional para informar sobre as clases maxistrais do experto convidado Erasmus+ André B. Silva.
- Xestión do proceso de inscripción ás clases maxistrais e envío de información ao experto convidado.
- Acollida ao experto convidado Erasmus+ André B. Silva e organización das clases maxistrais para alumnado e da charla para profesorado.
- Elaboración e envío de nota de prensa sobre a visita do experto convidado Erasmus+.
- Xestión da entrevista ao experto por parte do periódico local Atlántico.
- Organización do concerto de clausura das clases maxistrais.
- Tramitación e resolución das incidencias co Informe Final do proxecto do curso pasado xunto co SEPIE.

- Envío de información e xestión para a entrevista ao alumnado participante Erasmus+ para o periódico local Atlántico.
- Reunións periódicas de coordinación do Equipo Erasmus+.
- Reunións periódicas cos centros socios para a planificación das mobilidades.
- Reunións telemáticas das mobilidades virtuais cos centros socios de Parma e Uppsala máis os participantes para a planificación das actividades a desenvolver durante as mobilidades.
- Tiorización e seguimento das mobilidades do alumnado a Uppsala durante os días 8 a 20 de abril de 2024.
- Titorización e seguimento das mobilidades de profesorado a Parma durante os días 16 a 20 de abril de 2024.
- Tramitación dos diferentes certificados de recoñecemento das actividades de mobilidade realizadas polos participantes.
- Planificación da realización do Podcast número doce de “Os Contos da Miñoca” no que o profesor Cristian Silva entrevista ao alumnado participante na mobilidade Erasmus+ e ao seu acompañante o xefe de estudos Javier González, máis o Coordinador Erasmus+ de Uppsala Angus Keay.
- Exposición do proxecto e da Acreditación Erasmus+ á Delegada Territorial da Xunta, Ana Ortíz, e ao Xefe Territorial de Educación, César Pérez Ares por parte da Coordinadora Erasmus+ durante a súa visita ao centro o 17 de abril de 2024.
- Reunións para cumprimentar a EU Survey co alumnado e profesorado participante ao remate das súas respectivas mobilidades.
- Asesoramento aos participantes para a elaboración da memoria individual de mobilidade.
- Avaliación das mobilidades levadas a cabo.
- Estudo das memorias de mobilidade dos participantes, tanto de profesorado como de alumnado.
- Realización das transferencias relativas ao segundo pago das axudas aos

participantes nas mobilidades (30% do total).

- Busca dos socios para o proxecto do próximo curso escolar.
- Organización o día 9 de maio de 2024, no Día de Europa, da segunda edición de "Raíces Europeas" na que foi plantada unha árbore no xardín do centro, para fomentar desta maneira a sustentabilidade ambiental, un dos pilares esenciais do noso proxecto. Colaborou unha alumna do departamento de Música Tradicional.
- Organización do Concerto do Día de Europa, celebrado o 9 de maio de 2024 e retransmitido en streaming pola canle de Youtube do centro grazas á colaboración do Equipo de Actividades.
- Decoración, con motivo do Día de Europa, da entrada do CMUS e o auditorio “David Russell”.
- Elaboración da nota de prensa sobre as actividades do Día de Europa para os medios de comunicación.
- Entrega de detalles de merchandising Erasmus+ ao alumnado participante no Concerto do Día de Europa.
- Inicio de contactos para o establecemento de novos centros socios para as mobilidades do proxecto para o próximo curso.
- Reunións con futuros posibles colaboradores Erasmus+ a acoller o próximo curso escolar.
- Elaboración da presente memoria de Coordinación do Equipo Erasmus+.
- Reunións dos participantes nas mobilidades Erasmus+ e o Equipo Erasmus+, mesas redondas nas que compartir as experiencias, os resultados e as suxestións de mellora. Van ter lugar os días 6 de xuño de 2024 (profesorado) e 13 de xuño de 2024 (alumnado).
- Publicación no noso Blog de todas as actividades e toda a información de interese sobre Erasmus+ do noso centro.
- Diseminación nas redes sociais do centro das actividades Erasmus+ realizadas.
- Inicio da planificación do experto convidado, no ámbito do novo proxecto

KA121, para o próximo curso.

- Atención aos contactos recibidos por parte doutros conservatorios con diferentes consultas sobre cuestións Erasmus+.

1.5 Memorias de mobilidade individuais dos participantes

1.5.1 Memorias do profesorado participante

- Mobilidades ao Conservatorio “Francisco Rosado” de Loulé (Portugal), durante os días 5 a 9 de febreiro de 2024:

- Memoria de Aine Veloso
- Memoria de Gloria Rodríguez

- Mobilidade internacional: mobilidade ao Conservatorio della Svizzera Italiana de Lugano (Suíza), durante os días 6 a 10 de febreiro de 2024:

- Memoria de Mª del Mar Bel

- Mobilidades ao Conservatorio Superior de Música “Arrigo Boito” de Parma (Italia), durante os días 16 a 20 de abril de 2024:

- Memoria de Óscar Davila
- Memoria de Ramón Cabezas

1.5.2 Memorias do alumnado participante

Mobilidades á Uppsala Kulturskola de Uppsala (Suecia), durante os días 8 ao 20 de abril de 2024:

- Memoria de Candela Teijeira
- Memoria de Helena Fernández
- Memoria de Andrea Cangeri